

CULTURA DE PAZ

Manuel Dios Diz, 2007

FICHA TÉCNICA

Dirección:

Manuel Dios Diz

Montaxe:

Leandro Quintas

Son:

Mei Souto

Fotografía:

Carlos Purriños e Fran Piñeiro

Producción:

Ficción Producciones

Realización:

Fran Piñeiro e Toni Veiga

Guión:

Toni Veiga e Manolo Dios

Duración: 29'

SINOPSE

Corto documental promovido polo Seminario Galego de Educación para a Paz sobre a Lei de Fomento da Educación e a Cultura da Paz de 2005. Combinando imaxes de arquivo, de produción propia e entrevistas a personalidades de relevo nacional e internacional podemos achegarnos a un concepto, o da Cultura da Paz, que abrangue, esencialmente, catro grandes bloques temáticos: a educación para a paz, os dereitos humanos e a democracia; a eliminación da pobreza, a fame e a exclusión; a defensa do diálogo intercultural ou a resolución pacífica de conflitos, aspectos todos eles imprescindibles á hora de abordar, nas aulas e na vida, a convivencia e a cidadanía democrática.

FICHA DE TRABALLO

Logo de ver o documental escribe no teu caderno as liñas fundamentais do que entendemos por “Cultura de Paz”.

Cando e quen promove este concepto?. Busca información sobre D. Federico Mayor Zaragoza e a súa labor como director xeral da UNESCO.

Qué sabes agora desta lei que non souperas antes?

Pensas que unha lei como a que comentamos pode servir para algo?. Razona a resposta.

Cal cres que foi o papel dos medios de comunicación na difusión desta lei?. No documental dáselle unha segunda oportunidade ós medios para promover a lei. Por qué pensas que ós media non lle interesan estas novas?

No documental podemos ver as intervencións dun representante xudeo, un musulmán e un cristiano defendendo o diálogo intercultural. Poderías resumir os argumentos das tres visións sobre a interculturalidade?

Fálase dos avances e dos retrocesos da Humanidade no século XX. ¿Poderías identificar uns e outros no teu caderno, en columnas diferentes?

Como pensas que poderías aplicar o concepto de cultura de paz na túa vida cotiá?